

O Buzón Rebelde

ORGANO DE DIFUSIÓN DA CGT CORREOS -A CORUÑA

32



cgtcorreosacorunha@gmail.com telephone: 674 070 105 RICO 83230

AUMENTO DE CASOS (13 VINCULADOS AO CTA) E ESCÁNDALO MEDIÁTICO. INSISTIMOS: CORREOS DEBE AUMENTAR AS MEDIDAS DE SEGURIDADE, XAI!

Finalmente pasou o que tiña que pasar e o que, visto o visto, é cuestión de tempo que se repita: Un centro de Correos. O CTA, convertido nun foco de transmisión comunitaria de COVID.

No momento da eclosión deste gromo xa tiñamos casos polémicos en Fene e na SUC-1, con todo o persoal de ATC en corentena sen que Correos nos comunicara absolutamente nada. Destes casos, especialmente no do CTA, fixemos un seguimento estrito da situación desde o primeiro momento, solicitamos á empresa o cumprimento dos protocolos e propuxemos varias medidas complementares para aumentar a seguridade nos nosos postos de traballo como tomar a temperatura á entrada, o rigor nos contactos estreitos, probas PCR para TODO o persoal, e incluso o peche provisional urxente do CTA.

Estas escritas foron dirixidas às persoas responsábeis e aos negociados correspondentes, Dirección de Zona, Relacións Laborais, CESL, moi ao noso pesar sen resposta tendo que acudir, á enésima denuncia na Inspección de Traballo por reiterado incumprimento desas medidas, especialmente a de gardar a distancia interpersoal. Tamén acudimos aos medios de comunicación, que, estupefactos, foron tomaron boa nota do sucedido.

Era cuestión de tempo visto como NON se cumpren mas medidas de seguridade (Falta de distancia de seguridade interpersoal, negación de control de temperatura na entrada do centro, falta de rigor na detección de contactos estreitos, mistura de xente de diferentes quendas, material compartido, etc. Eivas que deron lugar a que o que debería ser un caso illado se convertese en menos de 72 horas nun gromo en toda regra.

Correos confirma un caso de coronavirus en su oficina de A Sardiñeira, en A Coruña

ACTUALIDAD | A Coruña

La empresa señala que el centro trabaja "con normalidad" pese a las largas colas mientras que el sindicato CGT denuncia la ocultación de casos

CGT denuncia que Correos ocultó 13 positivos en un centro de Santiago; afectados y más de 80 pruebas

El sindicato CGT emitió un comunicado en el que denuncia la existencia de 13 positivos en el Centro Postal de Tratamiento Automatizado situado en los alrededores de Lavacolla, así como 20 personas en cuarentena de los 150 trabajadores.

Os positivos en Correos de Lavacolla soben a 12 e

Santiago: gromos nun centro de Correos e na res

Seis casos confirmados na oficina de Lavacolla // Alarma no centro de maiores de Conxo

Santiago. O impacto do covid-19 estase notando de xeito notable na capital galega ao longo dos últimos días. Neste sentido, na xornada de onte confirmouse un gromo que afecta a seis empregados do Centro Postal de Tratamiento

Automatizado de Correos situado na Lavacolla. Según informou a área sanitaria de Santiago e Barbanza, na mañá de onte catro profesionais de enfermaría se desprazaron a este centro de traballo para realizar probas a 86 traballadores ante a aparición destes positivos. Previamente, o sindicato CGT tiña alertado a situación "alarmante" nesta oficina, que distribúe correspondencia e paquete-

ría para todo o noroeste peninsular. Nun comunicado, reclamaba a realización "urxente" de probas PCR a todo o persoal, pois sostén que Correos coñecía o primeiro positivo desde o pasado xoves sen ter indicado "ningún tipo de aillamento preventivo". Asímismo, reclaman que haxa medición de temperatura dos empregados, unha detección de todos os contactos sospeitosos e que se respec-

ten os dous metros de separación entre empregados, porque é unha medida que "non se está cumprindo". Piden ademais o peche do centro se os contactos van a máis. Xa pola tarde, a alarma saltou na residencia de Volta do Castro, despois de que un equipo de profesionais de enfermaría se desprazase ata o centro de maiores situado nesta zona de Conxo para realizar PCR a 131 residentes e

elDiario.es

Galicia

Política Economía Sociedad Cultura

El centro postal de Correos en Santiago de Compostela registra seis positivos por coronavirus

El sindicato CGT reclama que se haga un cribado con pruebas PCR a todo el personal ante la posibilidad de que el brote "se des controle"

Quedate en casa, nosotras No Podemos



Ya te llevamos Nosotros el Virus a Casa

Desde CGT desexamos e aledámonos profundamente da mellora das persoas afectadas, familiares e amigxs e desexamos a súa curación total, pero non queremos nin podemos deixar de facer unha análise do que aconteceu, como aconteceu e que debería facer Correos para evitar algo así no futuro. (E NON ESTÁ A FACER)

"OS SINDICATOS NON FAN NADA", O MUSICAL:



Historia da constatación do fracaso da prevención do COVID no CTA.

Martes 18 Agosto: Unha persoa comunica á dirección de Correos que se encontra illada en casa, con síntomas de COVID. Correos non toma medida algunha no centro de traballo. Non se traslada ningunha información. Desde CGT recabamos información entre o persoal

Mércores 19 agosto: Medra o rumor e a preocupación entre o persoal. Non se traslada ningunha información. Desde CGT seguimos recabando información e contactamos con Correos. Nada.

Xoves 20 de Agosto: Esa persoa confirma o seu positivo. Ante o clamor no centro, dase información improvisada e parcial. Correos localiza contactos estreitos pero **non lles indica que se vaian a casa** senón que traballen nun lugar "afastado". Esiximos medidas adicionais **como o control de temperatura no acceso** e máis información a Correos (non a dá) e comunicamos aos medios de comunicación o sucedido (xunto cos de Fene e SUC-1 de Coruña) e a preocupación pola falta de rigor das medidas.

Venres 21 de Agosto. Medra exponencialmente a preocupación. Algunhas das persoas que estiveron traballando o día anterior son illadas de urxencia polo propio SERGAS. Correos comunícanos en tres liñas que hai –literalmente- *"algún caso"*. A CGT temos coñecemento de 4 confirmadas e varias persoas en corentena. Oficialmente é un brote en toda regra. Tamén afecta á tarde. **Dirixímonos ao SERGAS para solicitar probas PCR para TODO o persoal de Correos na Coruña.**

Sábado e Domingo: Diferentes persoas de todas as quendas póñense en contacto con CGT para denunciar que se sigue a traballar sen distancia de seguridade. Volvemos denunciar ante os medios.

Luns 24: O SERGAS, que toma o control da situación, decide facer probas PCR á quenda da noite. Correos, en vez de indicar o illamento preventivo, indica ao persoal que "vaia traballar". **Desde CGT solicitamos o illamento preventivo desa quenda e que esta proba se faga ao resto do persoal do centro.** Correos négase. Contrata dúcias de eventuais e os mistura coas persoas que aínda non tiñan os resultados: 9 positivos e 4 familiares e sobre 30 persoas que se tiveron que illar preventivamente.

Martes 25: Á vista do sucedido **instamos á Inspección de Traballo a que se persone no centro de forma inmediata para o peche preventivo do CTA,** por medio da ampliación da denuncia que tiñamos previamente presentada por incumprimento de medidas de seguridade. Sen resposta polo momento.

Xoves 26: A instancia de CGT Coruña trátase de urxencia o tema do CTA de Labacolla no **Comité Estatal de Salud laboral.** Correos volve negarse a aumentar a seguridade no centro.



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

Sección Sindical de Correos da Coruña
Rúa Alcalde M. Casas, Edificio Xefatura Provincial da Coruña, S/N 2º andar
15070 A Coruña

URGENTE: INSPECCIÓN DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL DE A CORUÑA

ASUNTO:	URGENTE: AMPLIACIÓN DENUNCIA 15/0004373/20 SOBRE AUSENCIA MASIVA Y REITERADO DE MEDIDAS DE DISTANCIAMIENTO SOCIAL Y SOLICITUD ACCIÓN URGENTE INSPECTORA Y PARALIZACIÓN, EN SU CASO, DE LA ACTIVIDAD
Empresa y dirección	S. E. Correos y Telégrafos, Rúa do Franco S/N Santiago de Compostela
Centro de Trabajo	Centro Tratamiento Automatizado, Mourentán 1, Santiago de Compostela (al lado del aeropuerto de Labacolla)



RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO

A solicitude, escrito ou comunicación para Presentación e non contén cun sistema electrónico específico nin cun mo JOVE GONZALEZ con NIF [redacted] ativo entrada no Rexistro

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2020/1630618	21-08-2020 13:15	DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20200821.pdf	E364F55FCEE2666D0FFD4F01DC13A2C95E430C55E8BC9B0853715CC3119F6112
Outros documentos acreditativos ou relativos a situacións	Petición PCR persoal Correos .pdf	081160E875EB311678EDE1E9AB53343266357D491E81F607A2E416D0DE4D09F6




A máscara por si soa non é suficiente. Seguimos esixindo distancias de seguridade!!

Esta crise demostrou a incapacidade de Correos de prever un gromo nos seus centros. É a proba evidente do fracaso dunha política laxa de prevención nesta epidemia, fiando todo á "mascarilla" sen tomar apenas ningunha medida adicional. Diga o que diga o protocolo a realidade é teimuda e tod@s sabemos que Correos antepón a produción á saúde e incumpre reiteradamente a distancia de seguridade e négase a tomar a temperatura nos grandes centros, a pesar das nosas reiteradas demandas. Levamos meses dicíndoo sen respostas. E xa son 4 as nosas denuncias ante a inspección de traballo. Ningún, que quede claro, ningún, método é suficiente por si mesmo para salvagardar do contaxio de COVID. E a distancia entre persoas e o illamento social seguen a ser as medidas principais de defensa e as que vemos día a día que menos se cumpren.

O que non pode ser é tentar manter a produción exactamente igual mentres hai unha pandemia mundial, TODO O MUNDO, TODAS AS EMPRESAS tiveron que adaptarse. Algunhas incluso tiveron que dar o peche por non poder facer compatible a súa actividade coa realidade sanitaria.

Correos pretende mirar para outro lado, e por iso indicánnos que nos amontoemos para clasificar traballo como si nada. A consigna é *máscara e tira para adiante* e sacar exactamente a mesma produción como se nada pasara. A nosa seguridade queda totalmente supeditada ao "maloserá" ou ao "dalle que libras". E isto é unha irresponsabilidade. E non funciona, como vimos de comprobar.

Segue o malestar na UR3 con xornada de folga incluída.



O persoal da UR3 da Coruña saíu á rúa o 27 de Xullo para denunciar a falta de contratación no verán. O persoal segue a ter unha folga de 2 horas convocada que empregan cando valoran que a contratación non é dabondo como para prestar o servizo coa calidade esixida. Desde a CGT queremos solidarizarnos co persoal desa unidade, pois entendemos que falan en nome de moitas unidades nunha situación similar.

El personal de Correos de los distritos 10 y 11 inicia una huelga parcial por la falta de contratación

REDACCIÓN A CORUÑA

El personal de reparto de Correos de los distritos diez y once comienzan una huelga parcial (de 07.30 a 09.30 horas) por la ausencia de contratación para cubrir bajas y vacaciones. Habrá concentración a las 09.15 horas hoy en la puerta de la unidad, en la calle de Entrepeñas 43.

El personal de Correos de la Unidad de Reparto 3, situada en la Entrepeñas y que da servicios a los distritos diez y once, (Agra do Orzán, Ventorriño, Os Rosales,

Peruleiro, Ciudad Jardín, Ronda de Nelle, etc.) comenzará hoy una huelga indefinida para denunciar la falta de personal suficiente para llevar a cabo el servicio con la calidad exigida.

El personal acusa a Correos de no realizar las contrataciones necesarias para sustituir a los carteros que se encuentran de vacaciones o baja médica. La empresa pública indica al personal de reparto que a mayores de su sección habitual tiene que dirigirse a otras secciones no cubiertas, lo que supone una sobrecarga de trabajo para el personal.



Novos recortes nas unidades de Ribeira e Oleiros

A tesoiria non para: E desta volta tocoulle a Ribeira e a Oleiros. Desde CGT, logo de consultar co persoal de Ribeira, presentamos as alegacións pertinentes. En Oleiros contactamos con Concello para alertar de que Correos pretende manter o pésimo servizo da oficina (rural) de Atención ao Cliente de Santa Cruz.

Basta de malos modos e berros: somos persoas adultas.

En CGT levamos xa un tempo recibindo queixas (incluso por carta) de persoas traballadoras sobre o trato despectivo, infantilizador e pola ausencia de coidados e de respecto por parte de responsables e xefaturas de equipo. A infantilización e os malos modos son frecuentes, exemplos disto son a ocultación de información ante o gromo de covid19, ou as "broncas" e ameazas por non ter tido solicitados os días de AP. Trátasenos como se non fosemos persoas adultas, como "profes" (malos) que riñen a nen@s nunha especie de escola anticuada. Cambian as persoas, pero os modos despectivos e autoritarios e as ridiculizacións á hora de negociar ante solicitudes do persoal ou á hora de dar directrices continúan.

Caen en saca rota as teorías pseudoprogres dos cursiños internos cos que se "nos forma" en correos. Así as leccións sobre os coidados ao "cliente/proveedor interno", o uso da empatía, o traballo en equipo, a escoita activa e a resolución de conflitos de xeito civilizado e respectuoso, son, en realidade, inexistentes, un paripé. É decepcionante e inxusto ver que o xeito de intervención das novas persoas responsables de equipo é a dos malos modos, a bronca infantilizadora, o berro, a mala contestación carente de argumentos.

De CGT esiximos respecto e dignidade no trato, modelos non autoritarios na liña do bo trato e boas maneiras. Que as persoas responsables e xefaturas de equipo traten as nosas solicitudes e demandas con seriedade e rigor; que non entorpezan o noso traballo con malos modos, e que faciliten un clima laboral saudábel con diálogo, dignidade e respecto.



COVID. O COLMO DO CINISMO: CORREOS SACA UN MANUAL ONDE INDICA QUE SE GARDE A DISTANCIA "NOS DESCANSOS", MENTRES NOS "AMONTOA" NO RESTO DA XORNADA

PROTÉGETE FRENTE AL COVID-19 EN LAS PAUSAS Y DESCANSOS

- En pausas, descansos y demás, **evita siempre los grupos** y nunca relajes las medidas preventivas, especialmente el **uso de mascarilla y la distancia de seguridad**.

Si debes reunirte, mejor en la calle y **espacios abiertos**. Evita los encuentros en espacios cerrados.




¡Y recuerda constantemente la regla de las 3 emes!

Correos, nun exercicio de cinismo extraordinario emite un manual onde nos indica que “nas pausas e descansos” manteñamos a distancia de seguridade. É un paso máis alá da habitual infantilización á que nos someten ao persoal ocultándonos a información. Agora xa directamente pretenden tentar insinuar que é nos momentos de descanso onde se propaga o virus. Traballamos 7 horas cóbado a cóbado, compartindo teclados, pantallas, todo tipo de material e logo, nos 20 minutos que dura o descanso, é onde temos que “evitar espazos cerrados” e “recordar a regra dos 3 emes”.

Fagámonos protagonistas activas nos nosos postos de traballo!

Aínda que a responsabilidade última é de Correos, que ten a obriga de velar pola saúde do seu persoal, tamén podemos tomar medidas por nós mesmas para previr a aparición do virus no centro de traballo. Paremos coa infantilización que se está a facer do persoal e tomemos as medidas tamén por nós mesmas para favorecer a prevención e a para frear a incidencia do virus no noso centro de traballo. Queremos apelar á responsabilidade que temos todas as persoas que desenvolvemos o noso traballo no CTA. Para isto facemos as seguintes **recomendacións**:



1.- Permanece atento ao teu estado de saúde, mide a febre cada día. Ante posibles síntomas ou contacto con unha persoa sintomática ou diagnosticada como positivo avisa á e chama ao 061. Non acudas ao centro de traballo

2.- Leva sempre a máscara que están a proporcionar no centro e renóvaa cada día. Se non chas dan esíxea. Se rachan esíxea unha nova. Se te sentes agoniada por levala solicita á responsable un descanso breve no traballo para respirar. Somos persoas e non máquinas, lembra que a nosa saúde e benestar é o primeiro.

3.- Extrema as medidas de hixiene: Lava as mans con auga e xabón con frecuencia e con xel hidroalcohólico no teu posto de traballo. Esíxide á persoa responsable ter a man xeles hidroalcohólicos no voso posto para o seu uso cando o consideredes oportuno (por exemplo antes e despois de beber auga). Procura non tocar a túa cara, nin as mucosas.

4.- Non aceptedes traballar sen manter a distancia de seguridade de 1,5 metros, comunicade á persoa responsable que ides traballar mantendo as nomeadas distancias. Estas deben manterse tanto no traballo como nos períodos de descanso. Seguindo a lóxica para evitar contactos estreitos se fai falta que dúas persoas estean xuntas para unha labor concreta que esta sexa durante o mínimo tempo posible, sempre menos de 15 minutos.

Se conseguimos que cada persoa que traballa en Correos se comprometa a exixir que se cumpran protocolos e medidas e ademais nós mesmas temos unha actitude responsable para nós e para as nosas compañeiras podemos diminuír moito a expansión do virus. Reivindica medidas, segue os protocolos, négate a traballar sen distancias de seguridade e hixiene, observa se tes síntomas, non vaías traballar se tes a dúbida de que podes estar doente.

Por un Correos transparente e digno: Únete á CGT!